

---

# Situación laboral da muller (Ano 2014)



**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)



*Secretaría da muller*

---

# SITUACIÓN LABORAL DA MULLER

(Ano 2014)

A crise económica que, desde o ano 2007, afecta a Galiza, xunto coas políticas practicadas ao abeiro desta, están a levar a unha deterioración do mercado de traballo, sen precedentes na nosa historia recente.

- A primeira consecuencia foi a destrución de emprego, fundamentalmente masculino e ligado ao sector industrial e da construción, co que, aos poucos, a taxa de paro masculina se foi acercando á feminina, ata ese momento ser moi similares. Agora, a destrución de emprego xa afecta practicamente por igual a homes e a mulleres.
- A segunda foi a modificación das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que mantiveron o seu posto de traballo; aquí non hai distinción de sexo.
- A terceira foi a emigración; tampouco neste caso o sexo foi un condicionante (desde o ano 2008 ao 2014 reduciuse o número de mulleres de entre 16 a 35 anos en 71.783); son miles as mulleres que nos últimos anos abandonaron Galiza a procura dunha mellor situación laboral.

Neste último ano, afondouse en todo o anterior, cun agravante: descenso do desemprego con destrución de emprego. algo que a priori pode parecer contradictorio, mais que non o é cando isto vén acompañado dun descenso da poboación activa, o que si ocorreu no ano 2014.

Durante 2014, descendeu a poboación con máis de 16 anos en Galiza en 13.700 persoas, das cales 6.800 foron mulleres. Unhas 6.800 en total, pero se desagregamos por grupos de idade, onde se perde poboación é entre as máis novas, desde os 16 e os 39 anos; entre estas idades o descenso foi de 13.600 mulleres.

Sen dúbida, este é un dos datos máis preocupantes que podemos atopar, nomeadamente en Galiza que xa arrastra, de vello, un grave problema de avellentamento e descenso da poboación producido polo “decrecemento” vexetativo, é dicir, polo maior número de defuncións que de nacementos. Se agora a isto engadimos a emigración da nosa mocidade -como amosan os datos de poboación activa- a situación leva ao suicidio do país.

Diciamos anteriormente que a segunda consecuencia da crise foi a modificación á baixa das condicións laborais da clase traballadora. Mudaron os horarios, o tipo de xornada, reducíronse salarios, etc., e como consecuencia disto, incrementáronse as desigualdades entre a clase traballadora coma nunca na nosa historia recente.

Sen esquecer que este medre das desigualdades entre os traballadores e traballadoras se vén a sumar á forte desigualdade xa existente (agravada neste período de crise) entre as rendas do traballo e as do capital. Lonxe quedan os anos cando as rendas do traballo acadaban máis do 50% do PIB, pero máis cerca, no ano 2007, antes do inicio da crise estas supuñan o 46,3% do PIB fronte ao 43,8% das rendas do capital, 2,5 puntos máis. Hoxe, o último dato dispoñible dinos que as remuneración dos asalariados e asalariadas representan o 44,2% do PIB fronte ao 45,5% das rendas do capital. Neste período de crise as rendas do traballo perderon peso a favor das do capital, ata estas últimas superar en 1.3 puntos as do traballo. Loxicamente a explicación está na redución da masa salarial.

A masa salarial reduciuse pola perda de emprego (pero tamén pecharon empresas), polo que o que marca a diferenza é a redución dos salarios dos traballadores e traballadoras, tanto das que entran a traballar de novo con respecto aos que saen, como dos que permanecen, e neste caso as mulleres vense dobremente afectadas. Se xa partíamos dunha diferenza salarial importante, cando as empresas, ou administracións, aplican un recorte no salario, non fan distinción de sexo, senón que se aplica a todos por igual. Porén, non é o mesmo un recorte a un traballador/a que cobra 1.000 euros que ao que cobra 500.

Por outro lado, as xornadas a tempo parcial teñen un claro matiz feminino, o 75% dos traballos a xornada parcial durante o 2014 foron desempeñados por mulleres.

Así mesmo, hai que engadir o abundante número de mulleres asalariadas con contrato temporal, en torno ao 23,7%.

En resumo, á xa precaria situación salarial das mulleres sumáronse os efectos da crise, dando como resultado un incremento do empobrecemento das traballadoras. E así se reflicte nos datos que a Axencia Tributaria publica anualmente extraídos do Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas.

 **92.839 mulleres tiveron uns ingresos inferiores aos 1.861,00 euros brutos anuais.**

Asalariadas e salario medio.

	2009		2013		Variación	
	Asalariadas	Salario Medio Anual	Asalariadas	Salario Medio Anual	Asalariada	Salario medio
<b>Total</b>	479849	15594	447647	15383	-6,7	-1,4
De 0 a 0,5 SMI	86771	1898	92839	1861	7,0	-1,9
De 0,5 a 1 SMI	73964	6607	68045	6825	-8,0	3,3
De 1 a 1,5 SMI	89738	11036	75341	11449	-16,0	3,7
De 1,5 a 2 SMI	74064	15042	69611	15657	-6,0	4,1
De 2 a 2,5 SMI	45239	19539	43629	20172	-3,6	3,2
De 2,5 a 3 SMI	30265	23813	28038	24770	-7,4	4,0
De 3 a 3,5 SMI	20517	28355	22118	29264	7,8	3,2
De 3,5 a 4 SMI	16301	32651	16194	33787	-0,7	3,5
De 4 a 4,5 SMI	14575	37120	13594	38118	-6,7	2,7
De 4,5 a 5 SMI	11932	41281	5937	42569	-50,2	3,1
De 5 a 7,5 SMI	12547	50941	9724	53562	-22,5	5,1
De 7,5 a 10 SMI	2980	74191	1976	75771	-33,7	2,1
Más de 10 SMI	955	117678	601	143287	-37,1	21,8

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de Trabajo y Pensiones en las Fuentes Tributarias.*

Desde o ano 2009 ao 2013, reduciuse o salario medio anual entre as mulleres un 1,4%, mais esta redución debeuse única e exclusivamente á redución dos ingresos das mulleres cuxos salarios son inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional, pero como este colectivo representa o 20,7% do total, calquera modificación no devandito colectivo muda a media global.

É dicir, das 447.647 mulleres que presentaron a declaración do IRPF correspondente ao exercicio económico 2013, 92.839 (o 20,7% do total) obtiveron uns ingresos inferiores á metade do SMI, é dicir, a 1.861 euros brutos anuais. Este grupo foi un 7% superior ao ano 2009. Como se ve no cadro anterior, é o único colectivo de mulleres que aumenta desde o ano 2009 (xunto ás que perciben de 3 a 3.5 veces o SMI, pero estas non chegan ao 5% do total), e por outra parte é no único colectivo no cal os ingresos medio se reducen, concretamente un 1,9%.

**É dicir, aumentou o número de mulleres que pertencen ao intervalo de menores ingresos, e por outro lado reducíronse os seus ingresos.**

No lado oposto, as maiores reducións de asalariadas déronse nos intervalos de maiores ingresos. Entre as máis ricas, hai un 37,1% menos que no ano 2009, pero en cambio os ingresos das que permaneceron aumentaron un 21,8%, o colectivo no que máis

augmentaron os ingresos. Isto leva a unha conclusión moi clara; prodúcese un forte medre das desigualdades entre as mulleres: **así, de media no ano 2013 o salario dunha traballadora pertencente ao intervalo de maiores ingresos é 77 veces superior ao dunha de menores ingresos; no ano 2009 esta relación era de 1 a 62.**

Non nos preocupa que algunhas cobren máis, o que si nos preocupa é que a maioría cobre menos, e xa non menos, senón que os seus ingresos sexan “irrisorios”, como se poden considerar logo as retribucións dunha traballadora que non chega aos 1.861 euros brutos anuais, ou o que é o mesmo, 133 euros mensuais? E isto é o que lles ocorreu o 20,7% das traballadoras durante o exercicio 2013.

Non esquecemos na CIG -e séguenos a preocupar- que persiste a fenda salarial con respecto aos homes e que medrou nesta época de crise, que de media os ingresos das mulleres, segundo a Axencia Tributaria, no ano 2013 foron o 74,5% do dos homes, cando no ano 2009 eran o 76,9%, 2,4 puntos porcentuais menos. Pero non queremos que este tema, ao tratarse de medias, agoche a realidade desa maioría de mulleres para as cales o salario medio é unha utopía. E estamos a falar das preto de 100.000 mulleres que non chegan aos 2.000 euros ao ano.

Porque é de xustiza que o teu traballo che dea para vivir. E non debemos esquecer que na maioría das familias monoparentais, a cabeza de familia é unha muller.

Tampouco entendemos que unha persoa, neste caso unha muller, se poida considerar ocupada cando os seus ingresos non chegan aos 140 euros mensuais, por iso entendemos que este grupo de mulleres deberían ser consideradas paradas. Se isto fose así, estaríamos a falar de 224.000 mulleres desocupadas en Galiza, e dun taxa de paro do 37%.

Este elevado número de mulleres desempregadas ou infraempregadas, xuntamente coa emigración, son dous dos problemas de índoles sociolaboral máis graves que temos en Galiza. E tanto un como outro, son de difícil solución mentres non se asuman e se identifiquen como tales. Do infraemprego non se fala, porque precisamente para xeneralizar este foi para o que se implantaron as últimas reformas laborais. E da emigración, menos. Asumir isto sería aceptar o fracaso absoluto das políticas neoliberais dos últimos anos.

Pois ben, se os baixos salarios entre as mulleres son unha realidade, a emigración tamén o é. De feito, no último ano contabilizáronse en Galiza 6.800 mulleres menos que no ano 2013, mais a perda de poboación feminina deuse entre as máis novas.

Mulleres con máis de 16 anos. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	1.241,20	1.234,40	-6,8	-0,5
<b>de 16 a 19 anos</b>	41,6	40,5	-1,1	-2,6
<b>de 20 a 24 anos</b>	61,6	59,3	-2,3	-3,7
<b>de 25 a 29 anos</b>	74,7	70,8	-3,9	-5,2
<b>de 30 a 34 anos</b>	98,2	92,5	-5,7	-5,8
<b>de 35 a 39 anos</b>	112,9	112,3	-0,6	-0,5
<b>de 40 a 44 anos</b>	108,2	108,3	0,1	0,1
<b>de 45 a 49 anos</b>	104,5	105,5	1	1,0
<b>de 50 a 54 anos</b>	100	100,5	0,5	0,5
<b>de 55 a 59 anos</b>	92,2	94,1	1,9	2,1
<b>de 60 a 64 anos</b>	86,7	86,1	-0,6	-0,7
<b>de 65 e máis anos</b>	360,5	364,5	4	1,1

Fonte: INE. EPA.

O descenso de poboación feminina fréase a partir dos 40 anos, pero ata esta idade a perda de poboación é importante. Son unhas 13.600 mulleres menos, en idade chave tanto para traballar como para procrear.

Ao ser o grupo no que máis descende a poboación o das menores de 40 anos, a explicación que consideramos máis factible, é a emigración, e ademais os datos de poboación activa así nolo confirman.

 **10.700 mulleres activas menos, entre os 20 e os 35 anos, de media no ano 2014.**

Poboación activa. Mulleres. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	607,9	605	-2,9	-0,5
<b>de 16 a 19 anos</b>	3,2	3,9	0,7	21,9
<b>de 20 a 24 anos</b>	31,3	28,6	-2,7	-8,6
<b>de 25 a 29 anos</b>	62,7	59,4	-3,3	-5,3
<b>de 30 a 34 anos</b>	86,1	81,4	-4,7	-5,5
<b>de 35 a 39 anos</b>	97,3	97,3	0	0,0
<b>de 40 a 44 anos</b>	90	90,6	0,6	0,7
<b>de 45 a 49 anos</b>	81,1	83,7	2,6	3,2

de 50 a 54 anos	70,4	70,7	0,3	0,4
de 55 a 59 anos	51	54,2	3,2	6,3
de 60 a 64 anos	30,1	30,6	0,5	1,7
de 65 e máis anos	4,6	4,5	-0,1	-2,2

Fonte: INE. EPA.

No último ano descendeu a poboación activa feminina en preto de 3.000 persoas, mais novamente a sorpresa está ao desagregar por grupos de idade, xa que entre as mulleres novas o descenso é alarmante. Concretamente, entre os 20 e os 35 hai 10.700 mulleres menos, de media, no ano 2014 que no 2013.

Como dixemos anteriormente, a explicación máis plausible a esta evolución é a emigración, xa que a esta idade a xubilación non é unha opción. A emigración están sendo a saída para unha parte importante da poboación galega ante a falla de perspectivas que existen aquí no país. E isto afecta tanto a homes como a mulleres; o que teñen en común é a idade, posto que uns e outras son menores de 35 anos. Xustamente nestes grupos de idade é onde máis baixa o emprego, pero tamén onde máis baixan as paradas. Evidentemente esta aparente contradición ten unha explicación lóxica: a saída do mercado de traballo. Para onde? Para fóra das nosas fronteiras.

Novamente, a emigración volve a ser a solución ente a falla de traballo. Esta circunstancia non é nova para a poboación galega, máis si hai unha diferenza con respecto a épocas anteriores, agora agóchase. O Goberno, no mellor dos casos, fala de mobilidade exterior.

Temos que ter en conta que **desde o ano 2008, en Galiza hai 54.000 ocupadas menos; en cambio, soamente 16.500 paradas máis.**

No último ano o descenso da ocupación afectou a 2.100 mulleres, pero novamente vemos fortes diferenzas ao desagregar por grupo de idade.

### **8.000 mulleres ocupadas menos, menores de 44, no último ano.**

Mulleres ocupadas. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	475,8	473,7	-2,1	-0,4
<b>De 16 a 24 anos</b>	17,7	16,9	-0,8	-4,5
<b>De 25 a 34 anos</b>	109,7	104,2	-5,5	-5,0
<b>De 35 a 44 anos</b>	149,4	147,7	-1,7	-1,1
<b>De 45 a 54 anos</b>	124,9	127,5	2,6	2,1
<b>De 55 e máis anos</b>	74,1	77,4	3,3	4,5

Fonte: INE. EPA.

Ata os 45 anos redúcese o número de mulleres ocupadas (8.000 ocupadas menos), e a partir desta idade aumenta, pero o medre non compensa o descenso das máis novas, polo que en termos netos 2014 remata cunha media de 2.100 ocupadas menos.

**🚦 O 84,5% das mulleres ocupadas están nalgunha actividade relacionada co sector servizos.**

Os distintos sectores de actividade tamén amosan unha evolución moi desigual.

Mulleres ocupadas segundo sector de actividade. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	475,8	473,7	-2,1	-0,4
<b>Agricultura, gandería</b>	26,3	21,9	-4,4	-16,7
<b>Pesca e acuicultura</b>	4,8	3,3	-1,5	-31,3
<b>Industria</b>	45,9	44	-1,9	-4,1
<b>Construción</b>	3,6	4,4	0,8	22,2
<b>Servizos</b>	395,2	400	4,8	1,2

Fonte: INE. EPA.

A maior perda de emprego produciuse no sector primario, tanto en agricultura e gandería como en pesca e acuicultura, pero especialmente no primeiro, onde en apenas un ano descende o emprego feminino un 16,7% o que en termos absolutos equivale a 4.400 postos de traballo. Tamén no sector industrial se perderon 1.900 postos de traballo entre as mulleres.

No sector servizos estímense 4.800 ocupadas máis que durante o ano 2013, o que eleva o número de ocupadas no mesmo a máis de 400.000, que representa o 84,5% do total da ocupación feminina.

Os cambios sectoriais reflíctense logo na situación profesional das traballadoras.

**🚦 O 82% das mulleres ocupadas son asalariadas.**

Mulleres ocupadas segundo situación profesional. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	475,8	473,7	-2,1	-0,4



<b>Empresaria con asalariados/as</b>	20,9	21,8	0,9	4,3
<b>Traballadora independente ou empresaria sen asalariados/as</b>	67,7	59,7	-8	-11,8
<b>Asalariada do sector público</b>	96,5	102	5,5	5,7
<b>Asalariada do sector privado</b>	286,2	285,9	-0,3	-0,1
<b>Axuda na empresa ou negocio familiar</b>	3,3	3,2	-0,1	-3,0
<b>Outros</b>	1		-1	-100,0

Fonte: INE. EPA.

Prodúcese un forte descenso das mulleres ocupadas como traballadoras Independentes (autónomas), moi en consonancia co descenso da ocupación feminina no sector primario. Pola contra, medra o número de asalariadas no sector público, xa que foi en actividades relacionadas co sector público -como actividades sanitarias e educación- onde se produciu incremento neto de emprego.

Cómpre destacar as 900 novas empresarias con persoal asalariado que se incorporaron durante o ano 2014.

Pero como dixemos anteriormente, este descenso da ocupación feminina non se traduciu en incremento do desemprego, senón todo o contrario, o número de mulleres desempregadas descendeu un 0,7%. Tamén neste caso a idade marca a diferenza.

### Descende o desemprego feminino a pesar de descender a ocupación.

Mulleres paradas. Datos en miles.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	132,1	131,2	-0,9	-0,7
<b>de 16 a 19 anos</b>	2,3	2,8	0,5	21,7
<b>de 20 a 24 anos</b>	14,5	12,8	-1,7	-11,7
<b>de 25 a 29 anos</b>	18,5	19	0,5	2,7
<b>de 30 a 34 anos</b>	20,7	17,7	-3	-14,5
<b>de 35 a 39 anos</b>	19,9	21,1	1,2	6,0
<b>de 40 a 44 anos</b>	17,9	19,1	1,2	6,7
<b>de 45 a 49 anos</b>	14,9	14,7	-0,2	-1,3
<b>de 50 a 54 anos</b>	11,8	12,2	0,4	3,4
<b>de 55 a 59 anos</b>	7,7	7,9	0,2	2,6
<b>de 60 a 64 anos</b>	3,9	4	0,1	2,6
<b>de 65 e máis anos</b>	0,1	0,1	0	0,0

Fonte: INE. EPA.

Entre os 20 e os 24 anos e os 30 e 34 anos hai 4.700 mulleres desempregadas menos que no ano 2013, unha baixa no desemprego, que -como vimos anteriormente- non se debe a que estas mulleres atoparan emprego, xa que a ocupación nestas idades descendeu. É, polo tanto, a saída do mercado de traballo a que explica esta aparente contradición.

Son 131.200 as mulleres que, de media, no ano 2014 estiveron paradas, o que sitúa a taxa de paro no 21,7%.

Taxa de paro	2010	2011	2012	2013	2014
	Total	Total	Total	Total	Total
	Galiza				
<b>Total</b>	15,3	17,3	20,5	22	21,7
<b>Homes</b>	14,6	16,6	20,8	22,3	21,6
<b>Mulleres</b>	16,2	18,1	20,2	21,7	21,7

Fonte: EPA. INE.

A taxa de paro mantense non mesmos valores que no ano 2013, posto que o descenso do desemprego se compensa coa caída da poboación activa, mantendo así constante a taxa.

O que si se incrementa é o número de mulleres consideradas paradas de longa duración.

### Medra o desemprego feminino de longa duración.

Malia o descenso global do número de mulleres paradas, aumenta o desemprego entre as que levan máis tempo nesta situación.

Taxa de desemprego de longa duración	2010	2011	2012	2013	2014
<b>Total</b>	5,5	7,1	9,2	11,1	11,6
<b>Homes</b>	5,2	6,6	9,3	11,6	11,7
<b>Mulleres</b>	5,9	7,6	9,2	10,6	11,4

Fonte: EPA. INE.

Mulleres paradas segundo tempo a procura de emprego.

	2013	2014	Variación	
			Absoluta	%
<b>Total</b>	132,1	131,2	-0,9	-0,7
<b>Menos de 1 mes</b>	5,1	5,9	0,8	15,7
<b>De 1 a &lt; 3 meses</b>	13,4	12,8	-0,6	-4,5
<b>De 3 a &lt; 6 meses</b>	13,8	11,5	-2,3	-16,7

De 6 meses a < 1 ano	19,8	18,1	-1,7	-8,6
De 1 ano a < 1 ano e medio	14,4	12,6	-1,8	-12,5
De 1 ano e medio a < 2 anos	13,2	12,9	-0,3	-2,3
Dous ou mais anos	45,9	50,8	4,9	10,7
Xa atopou traballo	6,4	6,7	0,3	4,7

Fonte: EPA. INE.

No ano 2014, foron 50.800 as mulleres paradas que, de media, levan máis de 2 anos nesta situación, o cal as deixa fóra das prestacións contributivas. E se perciben algún tipo de axuda, esta é mínima.

En definitiva, o que a priori se vendeu como un dato positivo (“2014 remata con descenso do desemprego”), non é máis que unha tapadeira que agocha unha situación realmente grave e dobremente preocupante porque se oculta. A saber: redúcese o desemprego entre as mulleres non porque aumentase a ocupación entre estas, senón porque hai menos mulleres; é dicir, porque descendeu a poboación activa feminina, descenso que se produce entre as mulleres máis novas, xa que é entre as menores de 35 anos onde se produce esta caída.

En conclusión, se as mulleres de menos de 35 anos abandonan o mercado de traballo é porque emigran, non é por causa da súa xubilación. Non teñen máis opcións que a emigración, xa que das que tiveron un emprego no ano 2013 -o 20%- máis de 92.000 non acadaron os 1.861 euros brutos anuais.

Por todas estas razóns desde a CIG consideramos que se fai necesario dedicar o próximo 8 de Marzo, Día internacional da muller traballadora, a reclamar un traballo digno. Un salario xusto e, valla a redundancia, de xustiza. O contrario é unha desfeita do país maior da que xa se está a producir.

Por esas preto de 100.000 de mulleres cuxos ingresos anuais non lles dan nin para vivir 2 meses ao ano; polas 68.000 que como moito ingresaron o SMI; polas 131.200 que están sen un emprego, etc., foi polo que a CIG acordou reclamar neste 8 de Marzo, Día internacional da muller traballadora: **Un traballo digno. Un salario xusto.**

Vigo, 26 de febreiro de 2015

Natividad López Gromaz (Gabinete Técnico Confederal)